

VALDEORRESAS NA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA

AS MULLERES DE VALDEORRAS NO MONTE: TOÑA E CHELO



Antonia e Consuelo Rodríguez López/Imaxe: Santiago Macías

“A medida que falo con persoas que viviron a traxedia e investigo nos arquivos vou descubrindo un feito que ignoraba en toda a súa amplitude: o papel que tiveron as mulleres na guerrilla antifranquista que operaba nesta área (Valdeorras e o Bierzo). Foron miles as galegas e leonesas (...), que, ademais de como vítimas, protagonizaron neses anos de chumbo da nosa historia como nais, esposas, fillas, irmás e noivas dos fuxidos, presos ou executados. Mulleres con profundas ideas republicanas e políticas ou, simplemente, tocadas na fibra solidaria e humana, que daban acubillo nas súas casas aos fuxidos, levábanlles alimentos e roupas á montaña, buscábanlles medicamentos e médicos ou actuaban como eficaces enlaces de información, sen a cal era imposible a existencia dos grupos armados.

Despois de ser sometidas a interrogatorios, vexacións e torturas, de pasar polos tribunais, cárceres e campos de concentración, moitas delas foron ameazadas de morte e tamén se viron obrigadas a botarse ao monte e converterse en guerrilleiras”

Jose Antonio Gurriarán: As mulleres do monte

VALDEORRESAS NA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA

AS ORIXES FAMILIARES

Amalia López Ojea (Soulecín 1874), de familia moi humilde, ficara sen pai aos catro anos e tivo que comezar a traballar sendo moi nova para soste a familia. Dedicábase á costura e ía polas aldeas a coser. Nunha delas, en Candeda, coñeceu a Domingo Rodríguez Fernández (1875), namoraron e casaron. O matrimonio estableceuse en Soulecín e axiña comezaron a chegar os fillos. Tras o nacemento dos dous primeiros, Francisco e Rogelio, o pai marchou a Cuba coa idea de facer cartos. Domingo Rodríguez volveu varias veces e en cada viaxe deixaba á muller grávida. Así foron nacendo sucesivamente: Sebastián, Alfonso e Consuelo, xémeos, Antonia e Domingo. No entanto, a economía familiar medrou de forma considerábel, grazas aos cartos que o pai mandaba, que posibilitaron a compra de dúas casas e de gando. Cando o home ficou na casa a familia dispuña dun bo capital en Soulecín, ao que había que engadir as dúas casas e mais as terras que por herdanza lle corresponderan ao pai en Candeda.

A SUBLEVACIÓN MILITAR DE 1936

Cando se produciu a sublevación, na casa dos Rodríguez López comezou a mobilización dos irmáns e, con ela, viría a traxedia para a familia. Rogelio, o segundo fillo foi chamado a filas. Incorporado ao bando dos sublevados, foi destinado a Oviedo. A familia estivo algún tempo sen saber del ata que recibiron dúas noticias: unha, que se pasara ao bando republicano, e a outra, que non era certa, dicindo que morrera. Á caída da fronte de Asturias en outubro de 1937, Rogelio regresou ao lar familiar e ocultouse na casa durante quince meses; agochouse no faiado e só saía pola noite. Por mor da pasaxe de Rogelio ás filas do exército republicano, Domingo e Sebastián, o terceiro fillo estiveron seis meses presos no cárcere do Barco. Ao saíren de presidio Sebastián tivo que partir por ser chamado a filas no exército franquista. Aos poucos meses caeu ferido e volveu a Soulecín cun permiso para se repor, e xa non quixo volver e decidiu esconderse na casa como Rogelio.

A TRAXEDIA FAMILIAR: AS TESTEMUÑAS DE CHELO E AGUSTÍN

O 30 de xaneiro de 1931 comeza a artellarse a traxedia familiar. Ese día un garda civil e un cabo do rexemento de infantaría presentáronse na casa para facer un rexistro, na busca de Sabastián. Rogelio estaba escondido no faiado e cando viu á garda civil, produciuse un tiroteo no que resultou morto un dos gardas e o outro ferido. Rogelio e Sebastián fuxiron ao monte, mentres Domingo (pai) foi cara Candeda. Ao pouco volveu a garda civil a recoller o cadáver e prenderon a Chelo, a maior das fillas e a súa nai. Ambas foron levadas ao cárcere do Barco. O pai ao saber da detención entregouse e quedou tamén preso. Pouco despois Antonia, a filla pequena de 15 anos foi tamén foi detida e acusada de ser cómplice e colaborar cos fuxidos.

En abril, pais e fillas foron postos en liberdade. Cando chegaron a Soulecín a casa fora espoliada. Tiveron que comezar de novo. Ao pouco reciben a visita dos seus fillos, que xa contactaran con fuxidos que máis tarde se organizarían na *Federación de Guerrillas León-Galicia*. A casa dos Rodríguez López

VALDEORRESAS NA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA

converteuse en lugar de refuxio de fuxidos para os que naquel momento andaban escapados e buscaban sobre todo supervivencia.

A traxedia chegou a mañá do 18 de outubro de 1939, o mesmo día que Chelo cumpría 20 anos, cando chegou un grupo de lexionarios á súa casa. A mesma Chelo narrou os feitos a Aurora Marco, que os transcribiu no seu libro *Mulleres na guerrilla antifranquista galega*.

Eu era sempre a primeira en erguerme (...) abro a porta e vexo todo rodeado pola Lexión, co seu capitán á fronte. Entrou cun pau na man e preguntou:

_ Onde están teus pais?

_ Na cama

Entrou ao cuarto dos meus pais e comezou a mallar neles co pau:

_ (...) Onde están os teus fillos?, díxalle a miña nai.

A Antonia, Domingo e a min metéronos na corte coas ovellas. Mandaron reunir á xente da aldea na eira que está diante da casa para que visen o que facían e collesen medo (...). Veu buscarme un soldado e díxome: "Ven, vas ver a túa nai". Subín á casa e mudeille a roupa: "mamá, pon esta roupa limpa que vas ir ao cárcere". Deille unha tableta de chocolate que lle gustaba moito e díxenlle ao meu pai que collese cartos. Leváronme xunto aos meus irmáns á corte. Penso que tamén me querían matar porque viñeron por min unha segunda vez. Vin baixar a miña nai polas escaleiras, abrazoume e díxome:

"Non me soltes, miña filla, non me soltes". Pero devolvéronme á corte. Vin marchar os meus pais polo camiño de atrás. Ao pouco tempo sentín os disparos e xa non lembro como saímos de alí; miña irmá díxome máis tarde que nos abrira un soldado.

Sáin e atopei unha muller que me espetou: "Ficaches sen pais". Caín redonda. Leváronme para a casa dos veciños (...) e xa me confirmaron que acababan de enterrar a meus pais na beira dun camiño que hai perto da casa que se coñece polo nome de Sampaio. Cando me acheguei, o único que vin foi un charco de sangue. Sei que morreron abrazados.

Testemuñas do macabro suceso foron todos os veciños de Soulecín. Un deles que daquela tiña 14 anos foi Agustín Núñez Fernández, que deixou o seguinte testemuño:

Chegou o Tercio. Colleron a Amalia e Domingo e mallaron neles ata que non puideron máis. Despois leváronos ao camiño: Domingo ía polo seu propio pé mais a Amalia tivérona que arrastrar. Un dos lexionarios elixido para fusilalos era da zona e díxolle ao tenente que non se atrevía a facelo. Outro prestouse voluntario. Abrazáronse e así morreron. Como a Lexión non quixo trasladar os corpos ao cemiterio, mandou facer unha fosa no medio do camiño para que os carros e a xente pisara encima. Mais o meu pai mandou escavar unha

VALDEORRESAS NA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA

fosa na beira do camiño e alí se enterraron os corpos, envoltos nunha saba e abrazados, tal como foran executados. Aquilo foi una barbaridade. Desfixeron a familia. (...) Foi un grande crime. Despois a Garda Civil viña a vixiar seguido. Dixo un tenente que ía coller un canón e bombardear a aldea polas catro esquinas. Chamábanlle a Rusia pequena.

Despois do asasinato, cando Rogelio e Sebastián xunto con outros fuxidos apareceron por primeira vez pola casa, Chelo anuncioulles: “Escoitade. Asasinaron aos pais. De agora en diante, faremos o mesmo que fixeron eles para axudarvos”. A partir de aí, tanto Chelo como Antonia e Domingo comezan a súa actividade na resistencia antifranquista, primeiro como enlaces e despois como combatentes.



CONSUELO RODRÍGUEZ LÓPEZ: CHELO

Naceu o 18 de outubro de 1919 en Soulecín. Como era a máis vella das dúas irmás, foi pouco á escola, algo habitual en moitas familias que encargaban á filla maior o coidado dos irmáns pequenos ademais de colaborar nas tarefas da casa. Apenas aprendeu a ler e escribir, ensinaríanlle máis tarde os compañeiros da guerrilla na Cidade da Selva.

Cando chegou a República, Chelo tiña case trece anos. Daquela etapa lembra a amizade da familia co mestre de Soulecín, de ideoloxía comunista. A familia non era relixiosa, recoñecendo a propia Chelo que nunca ían á igrexa. Foi neste tempo cando comezou a ir a algunhas manifestacións con algunhas amigas, e cando “comezou a entender e a falar”.

A traxedia familiar, que se iniciou co fusilamento dos pais, e dos catro irmáns que foron caendo en diferentes momentos na década de 1940: Roxelio (1941), Sebastián (1942), Domingo (1946) e Alfonso, irmán xémeo de Chelo (1949), reforzou o seu compromiso coa loita a prol da liberdade e da causa do movemento guerrilleiro no que loitou no seo da "Federación de Guerrillas León-Galicia". Comezou como guerrilleira da chaira como enlace, e despois para poder salvar a súa vida pasou á guerrilla do monte. Foi parte do SIR (Servizo de Información Republicano), prestou apoio loxístico aos seus compañeiros e irmáns e levou a cabo arriscadas misións, como introducir armas no cárcere de Ourense. Polo seu compromiso coa guerrilla estivo nos cárceres do Barco de Valdeorras, en Ponferrada e en León. En 1945 pasou á clandestinidade e con base na "Cidade da Selva", nos montes de Casaio (Carballeda de Valdeorras), seguiu a disciplina da Federación ao igual que os seus compañeiros: fixo gardas, cargou cos seus macutos nas longas marchas nocturnas, agochouse en refuxios improvisados, en "chozos", en casas de apoio... E, como estaba armada –aprendera a tirar con Arcadio Ríos Rodríguez, o seu compañeiro sentimental nos anos de guerrilleira no monte– participou nalgúns combates nos montes de Casaio.



VALDEORRESAS NA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA

Cando os campamentos da "Cidade da Selva" foron descubertos e desmantelados en xullo de 1946, abandonou o lugar, seguiu agachada por onde puido e máis tarde trasladouse a Madrid, onde estivo arredor de ano e medio. Nunha viaxe organizada polo seu cuñado César Ríos, e a través duns enlaces, chegou a San Sebastián coa pistola como única documentación. En abril de 1949 foi a Hendaia onde tras subir e atravesar o monte soa, chegou a Francia.

Tras unha breve estadía en Bédarieux coa familia do seu cuñado César Ríos e da súa irmá Antonia chegou a París onde traballou no servizo doméstico e tamén estivo de cociñeira na casa do secretario da Embaixada de Arxentina en Francia. Alí coñeceu o guerrilleiro asturiano Marino Montes, co que casou en 1953 e tivo dous fillos, Alphonse e Georges. A parella comezou a construír a vida de novo mais sen esquecer nunca os ideais polos que loitaron. En 1971 o matrimonio trasladouse a vivir a Île de Ré, fronte a La Rochelle, onde morreu Marino Montes en 1989. Chelo nunca quixo saír deste lugar.

Despois da morte de Franco, veu por primeira vez a Soulecin para colocar, a unha lousa no lugar en que fusilaron aos pais. No 2004 volveu para asistir ao acto no que o concello do Barco de Valdeorras ergueu un monólito na paraxe onde asasinaran aos seus pais. A derradeira viaxe a Galicia tivo lugar no 2007, vendo cumprido un dos seus máis grandes desexos: que o seu irmán Domingo e Arcadio Ríos, o seu compañeiro recibiran a homenaxe organizada polo concello do Barco, que colocou unha placa no lugar onde se sabía repousaban os restos dos guerrilleiros no cemiterio civil.

Ninguén como a autora Aurora Marco, quen compartiu con Chelo moito tempo, e á que narrou a súa vida e lembranzas para poñer en valor a figura desta muller, á que podemos considerar como un referente dentro da loita pola liberdade:

Muller de carácter forte, disciplinada, seguiu con paixón todo o que garda relación coa rehabilitación dos/as protagonistas da guerrilla e cada vez que falaba con ela repetíame: "Continúo na loita". A loita concretábase, nesa altura, no recoñecemento das actividades das e dos resistentes, na loita contra a desmemoria, na loita por facer desaparecer dos documentos oficiais a denominación de "bandoleiras/os" e para que ninguén tratase de desvirtuar e de denigrar a actividade das mulleres como resistentes, non como "as queridas de/as amantes de": "Sabes que o papel das mulleres na guerrilla foi fundamental e iso ten que contarse", díciame.

Á pregunta de que significou para ela o movemento guerrilleiro, respondeu: "Foi unha etapa moi importante na miña vida. Estou orgullosa do que fixen e hoxe [ano 2006], de darse as circunstancias, volveríao facer. Queríamos a liberdade e loitábamos contra Franco. Eu estaba disposta a dar a miña vida polos compañeiros. Éramos como unha familia: a onde ían eles, ía eu e, se ían á morte, eu iría con eles. Por iso non admito que se diga de nós que éramos as queridas dos guerrilleiros. Iso o dicían os fascistas e a Garda Civil."

VALDEORRESAS NA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA

Chelo morreu na Île de Ré, o 18 de xullo de 2019, a poucos meses de cumprir os cen anos. Con ela desaparecía a última guerrilleira da Federación de León e Galicia, todo un símbolo da loita antifranquista e da reivindicación e da visualización do papel que tiveron as mulleres na loita contra a ditadura.



ANTONIA RODRÍGUEZ LÓPEZ: TOÑA

Naceu en Soulecín o seis de xaneiro de 1925. Era a máis nova das dúas fillas do matrimonio formado por Domingo e Amalia Rodríguez López. Seis anos máis nova que Chelo, a súa vida corre parella á da súa irmá. Con ela comparte sufrimentos e as traxedias familiares do asasinato de seus pais e perda dos irmáns, a integración na guerrilla como enlaces, o paso polos cárceres de O Barco, Ponferrada, Ourense e León, a fuxida á chamada “Cidade da Selva” para formar parte da guerrilla do monte. Incluso a súa vida amorosa é semellante xa que ambas irmás estableceron unha relación amorosa cos irmáns César e Arcadio Ríos, que chegaron a esta zona, despois da caída de Asturias no 1937, integrándose na Federación de guerrillas de León-Galicia.

Do seu paso polo monte sabemos que como todos membros da guerrilla estaba armada. Ela mesma o di na conversa que mantivo na súa casa de París co xornalista e escritor José Antonio Gurriarán, e que este recolle no seu libro *As mulleres do monte*: “ *Como non iamos estar armadas se non deixaban de buscarnos para matarnos? O único que non tiñamos as mulleres que estabamos no monte eran bombas de man, pero si fusís e pistolas como os demais*”. Preguntada pola súa intervención nalgún enfrontamento armado, a súa resposta foi: “ *Eu fixen as miñas, cumprín co meu deber...*”

En xullo de 1946, cando as forzas franquistas descubriron o campamento da Guerrilla nos montes de Casaio, as dúas irmás tiveron que fuxir. Toña mais Chelo escondéronse nas chamadas “casas de apoio” que a organización guerrilleira tiña na provincia de Ourense e na zona do Bierzo, ata que en Berlanda (León), no 1947, decidiron separarse despois de chegar á conclusión de que “xa houbera demasiadas mortes na familia”. Antonia marchou con César Ríos a Asturias, e tras uns meses escondidos conseguiron, xunto con outros vinte e nove guerrilleiros embarcar en Luanco (Asturias) para Francia en outubro de 1948, nun pesqueiro que financiou o político republicano Indalecio Prieto. Dous días máis tarde atracaron no porto francés de San Xoán de Luz. Ao chegaren, Toña conta que todos botaron as armas ao mar como lles pediron as autoridades.



VALDEORRESAS NA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA

As vicisitudes de Antonia no exilio estiveron ligadas ás do seu compañeiro, e non foron poucas ata conseguir unha mínima estabilidade. Primeiro residiron en Narbonne, onde vivía unha irmá de César, e como non lles daban nin traballo nin papeis, trasladáronse a Bédarieux, onde César traballou nunha mina de carbón. Posteriormente mudáronse a Valenciennes, residindo bastante tempo, porque as autoridades francesas non lles permitían entrar en París. Ata 1950 non tiveron permiso para establecerse na cidade onde casaron polo civil no 1951. Do matrimonio nacerá unha filla, Irma Ríos Rodríguez, profesora de español. César faleceu o 9 de outubro de 1997 aos 82 anos de idade na cidade de París, onde seguiron residindo Toña e a súa filla. No 2004 volveu a súa terra para asistir xunto a súa irmá ao acto no que o concello do Barco de Valdeorras ergueu un monólito na paraxe onde asasinaran aos seus pais. Regresou a París onde finou o 7 de setembro de 2012 aos 87 anos de idade.

Como titulou a prensa do momento que recolleu a noticia, con ela morría a penúltima das guerrilleiras galega. Xa só quedaba a súa irmá Toña.

ANEXO FOTOGRÁFICO



Retrato da familia Rodríguez López ao completo antes da traxedia: Consuelo e Antonia xunto cos seis irmáns e pais Domingo e Amalia fusilados por lexionarios acuartelados en Viloira, e os cinco fillos varóns. Catro deles, morreron na loita antifranquista (Roxelio (1941), Sebastián (1942), Domingo (1946) e Alfonso, irmán xémeo de Chelo (1949)

as irmás Chelo e Toña Rodríguez López



Consuelo Rodríguez López



Antonia Rodríguez López



Antonia e Chelo Rodríguez, cos seus maridos César Ríos e Marino Montes en París

VALDEORRESAS NA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA



Casa da familia Rodríguez López en Soulecín, coñecida como “A fortaleza”

Lugar onde se atopan enterrados Domingo e Amalia Rodríguez López



OS LUGARES DA GUERRILLA



Val de Morteiras na Serra do Eixe, un dos lugares onde se situaba a “Cidade da Selva”



Chozas onde vivían os guerrilleiros antifranquistas da Cidade da Selva / Equipo Sputnik

GLOSARIO

- **“Guerrilleiras da Chaira”:** Mulleres que participaron na loita antifranquista desempeñando o papel fundamental de enlaces coa guerrilla. O perfil da guerrilleira da *chaira* responde ao de muller do rural, filla, nai, irmá, noiva... que alimenta, da refuxio, proporciona medicinas e armas, abre casas de apoio para que os guerrilleiros puideran refuxiarse, actúa como correo e pasa información importante aos homes que resisten no monte. O seu labor era especialmente perigoso porque estaban permanentemente expostas a ser descubertas. Segundo Aurora Marcos, “esa foi a razón pola que a guerrilla puido durar 10 anos”.
- **Guerrilleiras do monte”:** Mulleres que ao ser descubertas polas forzas de seguridade franquistas e polo tanto quedar “queimadas” como enlaces da guerrilla tiveron que pasar á clandestinidade botándose ao monte para salvar a vida.
- **“A Cidade da Selva”:** Nome que os propios guerrilleiros deron a un conxunto de **campamentos** que entre 1941 e 1946 funcionou na comarca de Valdeorras, nos arredores de Casaio, no entorno do concello de Carballeda de Valdeorras. O campamento foi un dos centros de actuación máis importantes da Federación de Guerrillas de León-Galicia e un dos máis relevantes do noroeste peninsular. Como tantos outros foi creado na década de 1940 polos fuxidos do réxime que crían aínda na posibilidade de combatalo dun xeito armado agochados dende os montes. Calcúlase que no momento de maior actividade (xusto antes da súa caída a mans da Garda Civil) esta rede chegou a acoller máis dun cento de combatentes antifranquistas e dise que nalgún deses campamentos podía verse izada a bandeira republicana A Cidade foi abandonada en 1946, despois de que a Garda Civil lanzase unha grande ofensiva, coincidente coa celebración dun congreso de unificación das guerrillas
- **“Os chozos”:** pequenas construcións en pedra seguindo o modelo de arquitectura popular, que servían para que pastores ou agricultores pasasen a noite co rabaño ou protexerse do mal tempo. Nos montes de Casaio eran os refuxios ben escondidos utilizados pola guerrilla antifranquista nos campamentos coñecidos como *a Cidade da Selva*. (ver anexo fotográfico)
- **“A Fortaleza”:** Nome co que era coñecida polos guerrilleiros a casa da familia Rodríguez López na aldea de Soulecín polo apoio que se prestaba nela aos fuxidos e rebeldes da zona. (ver anexo fotográfico)

- **“Escapados ou fuxidos”**: Republicanos que abandonaron os seus fogares nos territorios que quedaron no bando sublevado por medo á represión escondéndose no monte, coa esperanza de que poderían regresar ao cabo duns días ás súas casa, unha vez que o golpe militar estivera controlado, polo que non se organizaron nin política nin militarmente. A maior parte deles eran simpatizantes ou militantes de organización políticas e sindicais de esquerda. Pero a evolución dos feitos obrigou a moitos destes fuxidos a converterse en guerrilleiros, organizando unha resistencia que durou, nalgúns lugares, ata o inicio da década dos cincuenta

BIBLIOGRAFÍA

Aurora Marco (2011), *Mulleres na guerrilla antifranquista galega* (Santiago: edicións Laiovento)

José Antonio Gurriarán (2015): *As mulleres do monte: Lembranzas e pantomas dun neno da posguerra* (Vigo: Editorial Galaxia)

Santiago Macías (2005): *El monte o la muerte* (Madrid: Ediciones temas de hoy)

WEBGRAFÍA

https://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=QWQh40JNZ4c#! (As silenciadas)

<https://www.farodevigo.es/portada-ourense/2012/09/18/penultima-guerrillera-galicia/684002.html>

<https://blogs.publico.es/henrique-marino/2019/07/18/ha-muerto-chelo-la-ultima-guerrillera-antifranquista/>

<https://losojosdehipatia.com.es/cultura/historia/las-guerrilleras-silenciadas/>

<https://www.farodevigo.es/portada-arousa/2011/04/28/escaramuzas-femeninas/539557.html>

<http://historiadegalicia.gal/2018/07/a-cidade-da-selva-un-dos-mais-importantes-campamentos-da-guerrilla-antifranquista-sera-escavado/>

<https://praza.gal/acontece/e-imposible-entender-a-cidade-da-selva-sen-contextualizala-co-que-estaba-a-pasar-na-segunda-guerra-mundial>

<https://www.osil.info/restauranse-e-consolidanse-chozos-da-guerrilla-antifranquista-na-cidade-da-selva-en-casaio/>



VALDEORRESAS NA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA

<https://praza.gal/cultura/unha-escavacion-arqueoloxica-afonda-na-batalla-que-rematou-coa-cidade-da-selva-do-maquis-en-valdeorras>

<https://praza.gal/opinion/a-traxectoria-e-as-viaxes-da-guerrilleira-consuelo-rodriguez-lopez>

[https://es.wikipedia.org/wiki/Huido_\(guerra_civil_espa%C3%B1ola\)](https://es.wikipedia.org/wiki/Huido_(guerra_civil_espa%C3%B1ola))

<https://www.laregion.es/articulo/valdeorras/tumba-une-familias-traves-atlantico/20141121074250505708.html>

<https://youtu.be/Ts2fvS-iQHs>

<https://www.youtube.com/watch?v=TaYJO5ZwV7Y>